

Salma

A miña vida

Traducido do tamil por S. Thillainayagam
e do ingles por Mara Reimandez

XERAIS



Xuño 2011

© Salma,2011

© da tradución: S. Thillainayagam e María Reimóndez, 2011

Edicións Xerais de Galicia
Dr. Marañón, 12. 36211 Vigo
xerais@xerais.es

A miña familia púxome de nome Rajathi. Nacín nunha aldeíña onde prevalece unha atmosfera opresiva que impide que as nenas musulmás vaian á escola. Para todas as nenas que nacen na nosa aldea, a escola remata aos trece anos. Os meus días pasaban co medo de que ese día chegase tamén para min.

Cando estaba en noveno curso achegueime un día á pequena biblioteca que estaba preto da nosa casa coas miñas compañeiras de curso. A canción que proviña do único cine da nosa vila anunciaba que a sesión de mañá estaba a piques de comezar. Como sabíamos que nunca nos habían dar permiso para ir ao cine fomos sen que nolo soubesen na casa. Comezou a película, non había nin unha muller en todo o cine excepto nós as catro, o resto estaba cheo de homes. No lusco e fusco, incapaces de entender por que os ollos de todos os homes non se arredaban de nosoutras, miramos cara á pantalla. En poucos minutos démonos conta de que era unha película pornográfica feita

en Kerala e agochamos a cara no colo con grande vergoña e humillación. As portas do cinema estaban pechadas. Non había maneira de saír así que permanecemos sentadas ata a fin da función coas caras metidas no colo. O meu irmán máis novo, que fora ver a película, viunos e foilles co conto na casa.

Ao chegar á casa descubrín que miña mai xa sabía da nosa visita ao cinema. Por primeira vez na miña vida a miña mai non só me insultou dunha forma moi dura senón que me pegou. Cometera un erro moi grave así que aceptei o castigo en silencio. O meu irmán tamén recibiu unha malleira semellante. A mañá seguinte cando ía marchar para a escola miña mai ordenoume non ir. Pero o meu irmán foi coma sempre. Ante a miña pregunta de por que só a min non se me permitía contestou que era unha moza, a honra da familia estaba en perigo e que dende ese día non debía saír da casa. Os meus choros e insistencia non cambiaron nin un ápice a decisión da miña mai. Aínda que meu irmán e mais eu cometeramos o mesmo erro os castigos eran ben diferentes. Ese día foi para min como unha revelación sobre a condición das mulleres no meu lugar.

Axiña entrei na puberdade. Na nosa aldea as mozas musulmás non poden saír da casa dende o día que lles vén a regra ata que casan. Tampouco poden ver a ningún home excepto o propio pai e irmáns. Só podemos ver o mundo exterior a través das pequenas ventás das nosas vellas casas. Son leis non escritas. No meu interior comezaron a aparecer as preguntas. Era incapaz de aceptar a parvada desta condición de represión que me convertera nunha moza encerrada entre catro paredes que se supuña que tiña que soñar co seu futuro home e a liberdade que podería conse-

guir a través del. Non tiña con quen compartir os meus sentimentos e sentíame extremadamente soa mesmo a tan curta idade. As ríxidas mans da soidade apreixáronme con forza. Eran a única amizade amable que tiña. Nunca me enganaron nin me abandonaron. Nunca deixaron de proporcionarme novas ideas e de revelarme algo novo cada día.

Pasaba a maior parte do tempo sentada a carón da fiestra. Ao principio, sobrecollida pola dor, seguíalles pregando aos meus pais que me anotasen polo menos nun curso a distancia. Os meus pais negáronse porque a educación das mozas era algo inconcibible na aldea. Nunca habían facer nada en contra dos desexos da comunidade. Chorei e pelexei sen éxito.

Grazas á soidade, a lectura, que sempre fora un hábito regular meu, se fixo máis intensa e comecei a amosarme voraz. A lectura e os pensamentos asociados a ela comezaron a evolucionar no meu interior en preguntas e crítica.

Quen son? Cal é a miña individualidade? Vou encaixar nas normas da sociedade ou vou evolucionar dunha maneira individual e diferente, por min mesma? Tales pregunta comezaron a ocupar a miña mente todo o tempo. Se non podía encaixar nas identidades estereotípicas que a sociedade reservaba ás mulleres como ía liberarme? Quen son? Quen debería ser? Son só unha identidade modelada polos ditados sociais? Como ía demostrarme a min mesma e aos demais o contrario?

Sen unha educación, como me podería liberar de tal mundo? A medida que ía pasando o tempo nese remuíño de preguntas, prepareime para enfrontarme ao tempo e o baleiro coa axuda dos libros.

Os libros acolléronme. Fixeron dos seus mundos o meu fogar. Os libros que me traían das bibliotecas próximas ou que me deixaban outras persoas presentáronme as literaturas e filosofías do mundo. Comecei a escribir poemas.

Os poemas que escribía eran sobre todo sobre a vida das mulleres e a soidade. Xa que logo, non era sorprendente, constituíron un tremendo choque para a miña comunidade pechada a primeira vez que viron a luz. Como podía unha moza que debería estar confinada aos cuartos interiores da casa rexistrar a súa presenza no mundo exterior e aínda por riba para airear críticas á súa comunidade? A oposición comezou a crecer e espallarse rapidamente.

Os cargos eran que a miña familia e mais eu eramos inimigas da comunidade. O valor que máis estaba na cerna da miña familia, criarme de forma correcta, púxose en cuestión. Eu era nova e non tiña a vontade suficiente para enfrontarme a tales críticas polo cal tiña un medo extremo. Pero estaba decidida a non deixar de escribir custase o que custase.

A miña escrita comezou a manifestar o bloqueo mental que se derivaba de tal oposición. Daquelas a consciencia de que cada palabra miña ía ser observada fite a fite tivo un impacto nos meus poemas.

A vergoña e humillación que os poemas me provocaron non só a min senón á miña familia preocupábame moito. Un poema sobre o talaq deume medo ata a min e decidín non publicalo. Daquelas unhas cantas persoas que se fixeran amigas grazas a ler os meus poemas suxeríronme que podía saír daquel bloqueo mental adoptando un pseudónimo. Non podía aceptar facer tal, desbotei a idea de principio porque pensaba que non podía rexeitar o meu

nome. Aínda que os meus pais non sabían o que lía ou o que escribía, estiveron da miña parte. Por que debería cambiar o meu nome?

Cando fixen os dezaioito chegou o tempo de casar. Cando tiña só trece anos xa se decidira que o meu home ía ser o fillo dun parente da nosa aldea. Cando comezaron as negociacións sobre o matrimonio entrei en estado de shock. O que temera todo o tempo ía facerse realidade. Sentínme moi confusa ante a perspectiva de comezar o resto da miña vida casada cunha persoa que nin coñecera. Que podía agardar da vida cunha persoa sen estudos afianzada nas conviccións da mesma aldea? Como podería acceder a tal cousa? Como podía eu, con ideas que partían de ler a Marx e Periyar, aceptar unha vida deste tipo?

Pasara oito anos confinada entre as catro paredes da casa da miña mai sen saber nada do mundo exterior. Agora a mera idea de pasar o resto da miña vida do mesmo xeito noutra casa aterrábame. Comecei a opoñerme ao matrimonio.

Un día, o pai do mozo que estaba prometido comigo, volveu do estranxeiro e veume ver. Quedou horrorizado ao ver as caras de Marx e Lenin nos libros e ficou de pedra un anaco. Logo preguntoulles aos meus pais se eu lía tales libros e declarou que tiñan que queimalos de inmediato. Ler tales libros non só me faría esquecer as cousas mundanas senón que tamén me faría perder a miña feminidade e ficaría inválida para a vida de casada. Os meus pais eran uns irresponsables que non souberan criar a súa filla. Como me deixaran ler tales libros e escribir poemas? En que casa se había consentir tal deshonra? Non se me había permitir escribir porque só traía desgracias non só á miña familia senón a toda a comunidade.

Seguiu rosmando e lamentando que como podía casar o seu fillo cunha moza que escribía poemas e lía libros indecentes. Sentei sen tentar facerlle caso. Ao final dixo que se ía acontecer o matrimonio tiña que asegurarlle que había de deixar de escribir. Fiquei tan alarmada como iracunda. Os meus pais sentaron en silencio, mirándome.

Pensei que era hora de abandonar a paciencia. Mireino directamente e díxenlle claramente que o que propuña era inaceptable, que lería o que me petase e que escribiría o que me apetecese. Se non lle axeitaba o matrimonio que o cancelase. A miña resposta deulle o susto da súa vida, algo evidente pola cara que puxo. Por primeira vez na súa vida unha muller se lle arrepxera e lle contestara. Sentei chea de orgullo.

Marchou para a casa e sentínme feliz de que fose quen de deter o matrimonio. Pero uns días máis tarde volveu coa muller e retomaron as negociacións. A mai do mozo explicou aos meus pais a razón para o seu cambio de opinión. Canto tempo había seguir escribindo e lendo unha moza? Se cadra ata o nacemento dun par de fillos! Esa era a súa lóxica. Ambas partes acordaron o matrimonio e comecei unha folga de fame en protesta. Os meus pais tentaron convencerme durante días pero non tiveron éxito. Como resultado a nosa casa e os seus arredores comezaron a coller un aspecto triste e lóbrego. Os meus pais choraban seguido e a casa tinguíase cos sinais ominosos da morte. Incluso daquelas organizaron a pedida de man sen o meu coñecemento e fixérona sen o meu consentimento.

Que nin o mozo nin a súa familia prestasen atención ao meu desgusto e protestas provocaron en min un odio fondo. Seguín protestando vigorosamente e negueime a

comer durante días, afundida no meu cuarto e sen deixar de chorar. Se non podía estudar para enfrontarme ao mundo de forma independente, como podía vivir con confianza e afouteza? Pedínlles aos meus pais que me casasen cun home con estudos que vivise na cidade. Pero eles pola súa banda pregábanme que accedese ao matrimonio que se acordara cando tiña trece anos. Pregábanme que non rompese tal promesa. Cancelar un matrimonio a tales alturas só provocaría unha humillación insoportable. Ademais, insistían en que a relación entre as dúas familias non debía verse afectada.

O que a min me parecían razóns triviais eran para eles de vital importancia. Como nin os meus pais nin eu estamos en disposición de retroceder e reflexionar, a nosa loita durou uns dous anos. Unha vez mesmo tentei suicidarme.

Púñame en folga de fame con frecuencia e miña mai facía o mesmo. A nosa saúde comezou a deteriorarse. Unha noite a miña mai comezou a doerlle o peito e veu o doutor atendela. Os familiares que viñeran ata a casa mirábanme con inimizade e facíanme sentir culpable. Sentíame afundida e triste por mor da saúde da miña mai e a sensación de culpabilidade superoume. Nese momento, cedín.

Nunhas cantas semanas celebrouse o matrimonio que estivera suspendido durante dous anos. Tiña que unir a miña vida a unha familia que non me gustaba e que non tiña o máis mínimo respecto polo que eu facía.

Unhas poucas semanas despois do matrimonio souben que a dor de peito da miña mai fora unha comedia representada coa conivencia do doutor. Quedei estupefacta.

A vida de casada demostrou ser o que agardaba. A casa

da miña mai, que estaba só a dúas rúas de distancia, só a podía visitar unha vez ao mes. Os libros, que non puideran acompañarme, ficaban na casa da miña mai. E aínda así seguía escribindo poemas. O meu home e a súa familia advertíronme que non debía expresar amargor pola horrible vida de casada nos meus poemas e moito menos publicalos. Esta oposición e advertencias asustáronme como nunca antes. Os ataques de ira do meu home nos que ameazaba con racharme os libros e romperme as mans se lía ou escribía non me deixaban nin pensar. Ás veces batíame para que deixase de escribir. Outras veces ameazábame con suicidarse. Os seus ataques de ira acabaron coa miña paz mental.

As cartas que se publicaban nas revistas e as chamadas das miñas amizades dábanlle un medo terrible ao meu home. Tiña medo de que os meus contactos co mundo externo me desen coraxe para saír da nosa relación. Como resultado, impúxoseme a restrición de non recibir cartas nin chamadas. O meu home e a súa familia estaban sempre á espreita para que nada de fóra me chegase. Agardaban que tales restricións reducisen o meu interese na lectura. Tiñan medo de que a miña insatisfacción coa vida de casada levase a un divorcio. Nesa situación eu odiaba estar con eles e sufría unha depresión aguda. A soidade dos meus días mozos seguía comigo. Por suposto, incluso cando estaba cos meus pais sentíame soa. Non tiña ninguén con quen compartir os meus sentimentos. Pero agora non podía nin tolerar nin comprender que outras persoas intentasen controlarme e a miña vida. Non podía entender a desgraza do thali que levaba ao redor do pescozo como símbolo do matrimonio e que tivera o poder de transformar toda a

miña vida. Quería rachar con el, darllo ao meu home e volver cos meus pais. Pero eles non estaban por aceptarme: a honra da familia estaba en xogo. Explicáronme a realidade da humillación pola que pasarían eles e mais eu se remataba o matrimonio e só daban razóns que xustificasen que continuase naquela relación. Fiquei atónita ao comprobar que non tiña onde ir. Como estaba claro que estaba unida a esta vida ata a miña morte, tomei a firme resolución de non ceder ante as súas ameazas e converterme nunha non-persoa. Por que tiña que abandonar a miña individualidade e respecto por min mesma en deferencia ás ameazas doutras persoas?

Aínda así, que podía facer se lles daba por facerme algo se publicaban un poema ou recibía unha carta? Agora dábame conta de que sería máis seguro abandonar o meu nome e adoptar un pseudónimo. Permitiríame escribir sen interrupción. Agocheime no pseudónimo “Salma”. Cambiei o meu enderezo de correspondencia á casa do meu irmán. Comecei a escribir sen parar. Os poemas comezaron a publicarse co nome de “Salma”. O meu home e os demais respiraban aliviados pensando que deixara de escribir. Pasaban os días e eu seguíame preguntando se algunha vez tería a posibilidade de liberarme de tal vida. A desgraza de compartir vida cunha persoa que non tiña nin o máis mínimo amor ou respecto por min afectoume moito. Pero afíxenme a manter a raia a depresión a través das miña creatividade. Os libros que agochaba no armario dábanme compañía. Na casa do meu home a miña escrita formábase cando non había ninguén preto. Pola noite, incapaz de durmir, saía ao baño sen facer ruído e escribía ás présas poemas que me viñan á mente en anaquiños de papel que logo agochaba

alá mesmo. Bastantes dos meus poemas foron escritos así.

No medio desta vida de odio sen límite e falta de satisfacción, quedei embarazada. Ata ese día soñara que nalgún momento podería escapar daquel matrimonio sen amor. Agora o feito evidente de que a separación era imposible quedaba claro coma a auga e prepareime para enfrontarme ás idas e vidas da vida. Mesmo despois do nacemento dos meus dous fillos a sensación de tristura e falta de satisfacción seguiron invadindo a miña vida. Aínda así, dalgunha maneira seguían atendendo a miña escrita.

No mundo literario comezaban a espallarse numerosas preguntas: quen era esa tal Salma? Era unha persoa de verdade? Un home ou unha muller? Onde vivía? Por que non se publicaba ningunha foto súa nas revistas?

Unha editora achegouseme para publicar o meu primeiro poemario. Convidáronme á función de lanzamento que precedeu unha conferencia literaria internacional moi importante que tivo lugar en Chennai. Tiña tremendo desexo de ir pero, como podía conseguir permiso do meu home e da súa familia? Como podía nin sequer solicitalo?

Unha semana antes do acto comecei a finxir que tiña problemas de útero e que sentía dor. Como a muller dun amigo do meu home era doutora en Chennai, conseguín que me desen permiso.

A miña mai íame acompañar e como os meus pais sabían do asunto foi doado arranxalo todo. Marchamos para o hospital con toda a parafernalia. Ata o último momento tremía de medo por se o meu home ventaba a verdade.

Mesmo agora recordo volver á casa sen unha copia do meu libro na man, non tiven valor de levala. Iso aínda me

lembra a inseguridade que sentín. A boa acollida do meu primeiro poemario protexeume dos problemas da miña vida e animoume a seguir creando. Como o seudónimo conseguira conter os meus medos e bloqueos mentais, comecei a traballar nunha novela na que levaba matinando un tempo. Non é esaxerado dicir que as eleccións ao panchayat de finais de 2001 cambiaron a miña vida por completo. Coa aplicación dunha nova lexislación para o empoderamento das mulleres o noso distrito electoral ese ano tiña que elixir entre candidatas unicamente. O meu home, que andara sempre en política, quería que unha integrante da súa familia se presentase no seu lugar. Como ningunha quería, non tiveron máis remedio que pedirmo. Na nosa zona as mulleres non poden funcionar de forma independente, mesmo se son elixidas como presidentas do panchayat. A muller asina na liña de puntos pero é o home quen se converte en presidente de facto e exerce autoridade total. Coa esperanza de usarme como monicreque, a súa familia rexistroume como candidata.

A súa intención estaba clara dende o principio. Pero a idea de que podía usar a situación ao meu favor foi o que me levou a aceptar. Todas as restricións referidas a que o nome da familia, o meu ou a miña foto non se debían de ver en público desapareceron. As miñas fotos apareceron en todas as paredes e pósters da zona. Mesmo me deron o micrófono para falar en público. Eu, que non cruzara o limiar da miña casa, tiña que falar agora en todas as rúas de todas as aldeas.

O seu plan egoísta de acceder ao poder político converteuse na miña oportunidade. Pola miña parte loitei moito para conseguir a vitoria e tiven éxito.

Despois desta vitoria conseguín unha vida moito mellor e máis significativa do que agardara.

Todas as portas que estaban pechadas abríronse e todos os meus soños se materializan a través da chave da autoridade. A miña presenza séntese tanto no campo literario como no campo político en Támil Nadu. A mediados de 2006 presenteime ás eleccións do parlamento e case gaño o escano. Despois nomeáronme Directora de Asuntos Sociais.

A miña dor e tristura chegan á súa fin. O tempo levoume a unha posición diametralmente oposta á da miña loita de partida. O que parecía imposible mesmo nos soños máis remotos é agora unha realidade. Pero sigo pensando nese sufrimento.

O meu home pregúntame agora como é que non escribo tanto como antes. Para min iso é unha vitoria.

Dende que comecei a escribir imaxinaba que a través da lectura podía explorar o meu espazo mental ata chegar aos confíns do universo. Observaba e interiorizaba o mundo e o que acontecía ao meu arredor e a vida como tal e logo poñíaa por escrito. Todo isto aconteceu, por suposto, sen saber exactamente o que debía escribir. Tamén era un esforzo pola miña banda á hora de entender o sentido ou carencia de sentido da vida.

Despois dun tempo, os contextos sociais, políticos e históricos comezaron a manifestarse na miña escrita ademais da miña experiencia e perspectiva. Os meus poemas fixéronse máis precisos e densos. Comprendín que a miña vida e a miña obra estaban unidas e eran inseparables.

A lingua que adquirira grazas a unha lectura voraz e

ecléctica veu ao meu rescate e tivo a pericia suficiente para levarme a través dun mundo creativo sen fronteiras. Podía expresar ben o que me acontecía. Non creo en impoñer restricións á miña obra. Cando nace un poema hai un nó misterioso no meu interior que se desfai e libera. A través da miña escrita espero presentar á lectora que tenta entrar no meu mundo creativo unha experiencia fonda do compartir. E unha vez que entra na miña escrita, procuro mantela nunha axitación sen fin. Tamén desexo que o son da voz que sae do texto latexe a todos os niveis da súa mente.

A miña obra, ademais de intentar recoller dunha maneira nova e totalmente sincera a condición das mulleres nunha sociedade dada e os problemas aos que nos enfrontamos, sinala ata que punto os seres humanos son baixos. O absurdo persistente da vida humana percibido a través das miñas experiencias vitais e un illamento interminable faise manifesto na miña obra. A escrita atopa a súa dirección axeitada nesa ansiedade da busca do ser e a presión das emocións suprimidas.

Tento entender a razón da miña existencia e establecer a miña identidade a través dos meus escritos. Na maioría deles, centreime na condición de illamento das mulleres, na nosa falta de confianza e na fenda fabricada e insalvable entre os homes e as mulleres e as nosas relacións.

O espazo restrinxido asignado a min e ás mulleres da miña comunidade ás cales se lles nega a educación e a liberdade aparece no lugar central dos meus textos. A vida ensinoume a pensar como feminista.

Fun testemuña silandeira (e vítima tamén) de como ás mulleres se nos trata como obxectos e esa é a razón pola cal os sufrimentos das mulleres e a supresión dos seus senti-

mentos máis fondos atopan un lugar prominente na miña escrita.

Tento amosar na miña obra como as mulleres se fan vulnerables á violencia cando ceden a súa vida e independencia ante as crenzas e restricións sociais dos demais.

O ser está condicionado polo corpo. O meu corpo encadeado e desafecto alléame. A estrañeza de que non haxa unha amizade pracenteira e harmoniosa co meu corpo e a incapacidade de convivir co mundo exterior expáñdense no meu interior como un universo creativo sutil. Ao rexistrar os murmurios das miñas emocións e as dores extremas do meu corpo ao que enxustillan no tabú tento crear pequenas ondas no espazo silente e inmóbil. A miña escrita depende de min e eu dependo dela.

A pesar do meu obxectivo de iniciar un debate saudable na sociedade a través da miña novela, estaba preparada para unha reacción adversa pero a reacción da miña comunidade ao retrato verídico das mulleres musulmás non foi o que desexaba, máis ben converteuse no que temía.

A miña comunidade non puido aceptar a xustiza da miña escrita e puxo encirrou inimidade cara a min. A mentalidade dos homes non podía concibir as personaxes femininas realistas da miña escrita e tentaron desbotalas dicindo que eran fantasías, produto da imaxinación ideolóxica. Acusábanme de forma inxusta de perpetuar falsidades. Que comunidade está disposta a aceptar críticas contra ela e a necesidade de reformarse? Ningunha sociedade patriarcal está disposta a facer exercicios de introspección e por iso a escrita e as escritoras temos que loitar moito para reter o espazo.

A escrita das mulleres xera continuamente oposición

por parte dos homes. Calquera sociedade patriarcal que asume o seu papel de salvagardar os códigos morais imponéndonolos ás mulleres, non permite que expresemos a nosa sexualidade, as nosas crises e desexos. Os homes non teñen gana de ler ou examinar os escritos das mulleres cunha mentalidade aberta. Sempre andan buscando argumentos dunha índole ou doutra para desbotalos. Ademais, no meu caso son muller musulmá e as ideas que expreso na miña escrita son moi radicais: a miña comunidade vive no medo e na súa desesperación bótanme pedras e calumnias baleiras. Evita o debate dicindo que a miña representación das vidas das mulleres é falsa e que viven en plena felicidade. Chamáronme traidora e inimiga da comunidade.

Todo isto pecha os ollos ao amor, humanidade, compaixón, loita, angueira e a busca que opera na miña escrita. Tenta illarme e evitar que se me apoie. Pero a pesar de todas estas cousas fun quen de labrar un espazo para a miña escrita. O tempo, que estivo parado e conxelado ao meu arredor coma un penedo de xeo na miña aldea ata que fixen os trinta e tres anos, comeza a desconxelar. Agora lévame coa súa corrente que me trae ata vós.